

Presentámosvos o primeiro número de REBIGO, a **RE**vista da Facultade de **Bi**oloxía da Universidade de Vi**GO**. Nela atoparedes unha selección dos mellores traballos realizados polos alumnos do primeiro curso, no marco dunha experiencia piloto de adaptación ao EEES. Dado que é o primeiro, agardemos dunha larga lista, gustaríanos plasmar brevemente a historia dos estudos de Bioloxía en Vigo, e da nova era que se abre coa denominada converxencia europea.

Os estudos de Bioloxía en Vigo, iniciáronse fai aproximadamente 30 anos no entón Colexio Universitario de Vigo (CUVI), impartíndose unicamente o primeiro ciclo (3 anos) da licenciatura que dependía da Universidade de Santiago de Compostela. Logo da creación da Universidade de Vigo en 1990, e da Facultade de Ciencias (Campus de Vigo) en 1993, autorizouse a implantación na devandita facultade, dos estudos conducentes á obtención do título de **Licenciado en Bioloxía**. Recentemente, en outubro de 2003, creouse a **Facultade de Bioloxía**, na que unicamente se imparten os estudos correspondentes á titulación de Bioloxía: polo tanto, por esta universidade, unicamente se teñen licenciado alumnos de 10 promocións (1996-06) de Bioloxía.

En 1999, representantes de 31 países europeos subscribiron a Declaración de Boloña, iniciando así un proceso de converxencia ou harmonización entre os sistemas de educación que permitirán, en 2010, a creación dun Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Para isto, deberase modificar a estrutura desde os títulos actuais, ata un sistema de dous ciclos (grao e posgrao); unha organización docente comparable (sistema de créditos de común: European Credit Transfer System-ECTS) que faciliten a transparencia e a compatibilidade dos estudos (mediante o Suplemento ao Título). Ademais, o proceso de adaptación supón un cambio radical na metodoloxía docente, pásase dun sistema de adquisición de contidos, empregando case de forma exclusiva a clase maxistral, a outro que se basea na aprendizaxe e a formación continua, na que o alumno adquire non só coñecementos, senón destrezas e competencias (tecnoloxías da información, expresión oral e escrita, capacidade de análise e síntese, de traballo en grupo, etc...) pasando o alumno a ser o centro da ensinanza: o profesor pasa a ser o indutor de quen o alumno “aprenda a aprender” por si mesmo.

Neste marco e coincidindo coa creación da Facultade de Bioloxía, a finais do ano 2003, o director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o profesor Euxenio Muñoz, convocou aos tres Decanos das Facultades de Bioloxía do Sistema Universitario Galego a unha reunión na que informou de que a Titulación de Bioloxía fora elixida como **titulación piloto** para a implantación de experiencias no Espazo Europeo de Educación Superior.

Logo desta primeira reunión, presentouse o Proxecto de Adaptación da Titulación de Bioloxía ao EEES que constaba de dúas fases. Na primeira levaríanse a cabo experiencias de deseño, elaboración e desenvolvemento de guías docentes e cálculo de ECTS en tres materias, como mínimo, en cada centro: unha de 1º curso de carácter troncal e común ás tres universidades que resultou ser **Citloxía e Histoloxía Animal e Vexetal**, e dúas de segundo ciclo, unha con prácticas de campo e outra de laboratorio que resultaron ser Etoloxía (USC e UVIGO) e Comportamento Animal (UDC) e Xenética Molecular (UVIGO), Microbioloxía e Biotecnoloxía Ambiental (UDC) e Neurobioloxía Xeral e Aplicada (USC) para o curso 04-05. A estas materias uníronselles outras de forma voluntaria, que no caso de UVIGO supuxo a totalidade da orientación de Biotecnoloxía que se ía implantar no curso mencionado.

Na segunda fase, para o presente curso (05-06), acordouse que fosen todas as materias de primeiro as que realizasen as experiencias piloto nas tres facultades, si ben poderían sumárselles outras materias soltas doutros cursos. No caso da UVIGO foron en total 32 materias.

Neste número, recolléronse unicamente os traballos elaborados polos alumnos de primeiro, do curso 04-05, e dentro das actividades programadas nas materias de Citloxía e Histoloxía Animal e Vexetal e Botánica II.

Finalmente, queremos dar as grazas ao Vicerreitorado de Novas Tecnoloxías e Calidade, á Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ao Ministerio de Educación e Ciencia e, en xeral, a tódolos profesores participantes na experiencia piloto de adaptación da titulación de Bioloxía, particularmente á profesora Pilar Molist, por ser o motor desta iniciativa.

Vigo, a 7 de xullo de 2006

Pedro Pablo Gallego